

OS BOLETUS

Cristovo Ruiz Leivas*

Cristovo Ruiz



Boletus aereus.

Moitas especies do xénero *Boletus* son comestíbeis e apreciados en gastronomía, sendo os máis coñecidos: *Boletus edulis*, *Boletus aereus*, *Boletus reticulatus*, *Boletus pinophilus*. Todos eles de carne branca inmutábel e, polo tanto, fáciles de recoñecer no monte, coa vantaxe ademais de ser uns cogomelos comestíbeis de grande valor nas prazas. As árbores autóctonas de Galiza micorrizadas con estes cogomelos multiplican o seu crecemento e melloran a súa saúde. É por isto que non se debía plantar unha soa árbore sen estar micorrizada co seu correspondente fungo

Antón Meléndez



Boletus edulis.

micorrizante. Estes cogomelos son unha auténtica xoia da natureza.

BOLETUS AEREUS

Recoñécese pola súa cor parda-moura con tons bronceados, en ocasións case negros, pero tamén se pode presentar con cores máis claras. A cutícula do sombreiro é seca, ou moi lixeiramente tomentosa; o pé é de tons máis claros que o sombreiro; é reticulado en case toda a súa lonxitude e a súa carne é abondo consistente.

Pódese confundir cos *Boletus pinophilus* (de tons púrpura) e cos *Boletus reticulatus* (de carne máis branda e tons máis claros e non bronceados).

Os *Boletus aereus* son amantes do calor, frutifican no verán ou a principios de outono, baixo especies de *Quercus* ou baixo castiñeiros, en claros e zonas soleadas, principalmente.

BOLETUS EDULIS

É un dos boletos máis prezados e buscados pola súa óptima comestibilidade e as súas grandes dimensións. Distínguese de especies semellantes, como o *Boletus reticulatus*, pola cutícula do sombreiro que é lisa, untuosa, de cor café con leite (máis ou menos moura), que se vai aclarando cara as beiras. O pé é de cor esbrancuxada tirando a castaño claro con retícula na metade superior.

Fai a súa aparición en outono, sendo o mes de outubro o mellor para atopar se as condicións climatolóxicas son propicias, aínda que pode aparecer no mes de agosto, se o verán vén húmido, ou demorar até novembro, se o outono é seco.

É unha especie común e amplamente distribuída, medra en grupos, ás veces numerosos. É moi cosmopolita, pero é máis frecuente atopala en piñeirais, plantacións de abetos, faiales (na Serra do Courel), carballeiras ou bidueirais.

BOLETUS RETICULATUS

É moi semellante ao *Boletus edulis*, do que se diferencia polo tamaño, é algo máis pequeno. A cutícula do sombreiro é seca, algo veludosa e de cor homoxénea (castaño claro nos exemplares adultos e castaño escuro nos exemplares novos). A cor do seu pé é similar ou algo máis clara que a do sombreiro. Polo xeral, ten unha retícula moi marcada en toda a súa lonxitude.

Os exemplares de coloración máis moura poderían confundirse cos *Boletus aereus*, dos que se diferencia por ter unha carne menos consistente e máis branda e pola ausencia de tons bronceados. É importante non confundila tampouco cos *Tylopilus felleus*.

En canto á súa ecoloxía, é unha especie termófila, aparece de forma gregaria de finais da primavera a principios de outono, normalmente con tempo caloroso, sendo máis fácil atopala nos meses de agosto e setembro, aínda que non é raro observala máis tarde se o verán é demasiado seco. É común en toda Galiza, pero medra só en bosques de planifolios, sobre todo, en carballeiras.

BOLETUS PINOPHILUS

Este boleto, que nun principio foi considerado como unha variedade do *Boletus edulis*, distínguese dos outros polos tons pardo-vermello ou pardo-púrpura que presenta o sombreiro. A súa cutícula é lisa e algo viscosa coa humidade. Os exemplares novos acostuman estar cubertos por unha pruina branca e fugaz. O pé adoita ser robusto, ás veces barrigudo, e de coloración máis clara que o sombreiro, con fina retícula na parte superior. Como indica o seu nome acostuma a vivir en piñeirais.

* Cristovo Ruiz Leivas é micólogo autodidacta e etnógrafo.
+info:
<http://cogomelosefloradevaldeorras.blogspot.com>

DAIQUÍ
Alimentos Ecolóxicos a domicilio

*Coidamos a terra
para coidar de ti*



www.daiqui.com

 **AGRICULTURA ECOLÓXICA**
www.daiqui.com telf.: 988 30 21 71